

2.4. economíasocial

ESTE APARTADO ESTÁ DEDICADO Ó estudio da economía social, na que se engloban tódalas iniciativas empresariais por parte de traballadores que se constitúen para dar satisfacción a necesidades e intereses comúns. O capítulo está dividido en tres grandes apartados nos que se estudian, dunha banda, as sociedades tradicionais de economía social por separado, Sociedades Cooperativas e Sociedades Laborais, e doutra, faise referencia ás actuacións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego.

As fontes estatísticas empregadas para a análise da economía social son, fundamentalmente, o Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociais (Dirección General de Fomento de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo) e a Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude, no que as actuacións da Xunta se refire.

Atendendo ós datos da Tesorería General, o número de traballadores en alta

laboral en réxime especial de autónomos aumentou en Galicia nun 0,8% para situarse nos 170.403 traballadores no ano 2003 (**cadro 2.2.1. Traballadores en alta laboral 2002-03: distribución segundo réximes**). A Coruña acolle ó 40,3% do total dos autónomos, mentres un 33,7% corresponde a Pontevedra e un 13,3% e un 12,7%, a Ourense e Lugo, respectivamente.

O número de **empresas de economía social** (sociedades cooperativas e laborais) a 31 de decembro do ano 2003 ascendeu en España a 43.314, das que 2.009 sociedades, un 4,6%, estaban situadas en Galicia. O **cadro C.2.14. (Empresas e traballadores de economía social nas CC.AA. 2002-03)** reflicte que estas empresas acolleron, en conxunto, un total de 429.351 traballadores, estando a meirande parte dos mesmos (o 64,3% do total) ocupados nas comunidades autónomas de Cataluña, Andalucía, País Vasco e C. Valenciana. En Galicia, a poboación ocupada nestas sociedades de economía social foi de 14.031 traballadores, o que supuña o 1,3% da poboación ocupada galega, sendo esta porcentaxe inferior á española que é do 2,6%.

No ano 2003, constituíronse en Galicia un total de 356 sociedades laborais e cooperativas (o 4,8% do total constituído en España), sendo o número de socios iniciais de 2.288, que representan o 4,8% dos existentes no conxunto do Estado (**cadro C.2.13. Empresas de economía social constituídas en Galicia e España 2002-03**).

Como punto de partida cómpre salienta-las características dos traballadores e sociedades da economía social en situación de alta na seguridade social. O **cadro 2.4.1.** amosa que

- case catro de cada dez persoas que traballan nas sociedades de economía social son mulleres (37,9% en Galicia e 38,9% no conxunto do Estado);

- un 45,7% dos traballadores teñen unha idade comprendida entre 25 e 39 anos (47,0% de media en España) e un 33,4% idades entre 40 e 54 anos (31,0% no conxunto do Estado);

- só o 1,2% dos traballadores ven do estranxeiro (5,5% en España), e un 23,9% dos traballadores estranxeiros mantén unha relación de carácter temporal (30,4% en España);

- un 10,0% dos traballadores realiza a súa actividade a tempo parcial (10,8% en España);

- no concernente á antigüidade na relación que mantén o traballador coa súa sociedade, o 68,6% dos traballadores galegos mantén unha relación superior a un ano, fronte ó 51,1% no conxunto do Estado;

- no caso das sociedades da economía social en Galicia, no 41,1% das mesmas traballan menos de 10 persoas (63,9% nas sociedades de Lugo) e no 12,5% máis de 250 traballadores (40,5% en Ourense). No conxunto do Estado estas porcentaxes son do 28,1% e 22,8%, respectivamente;

- finalmente, no que á distribución porcentual dos traballadores segundo sector se refire, as actividades da construción e servicios acollen unha porcentaxe similar en Galicia e España (12,0% e 44,6% en Galicia e 11,5% e 41,3% no conxunto do Estado). Pola contra, existen importantes diferencias no caso das actividades do sector primario e a industria, xa que as primeiras acollen o 6,4% dos traballadores fronte ó 29,5% de media nas sociedades españolas, e no caso do sector industrial, este acolle o 37,1% dos traballadores en Galicia e ó 17,7% en España.

Cooperativas

En Galicia, tal e como reflicte o **cadro 2.4.2.**, a 31 de decembro do ano 2003 había un total de 935 **sociedades cooperativas**, que acollían a 8.777 traballadores. Comparado co total estatal, Galicia acollía, ó igual que no ano anterior, o

2.4.1.

Traballadores da economía social en alta laboral na Seguridade Social 2003 ⁽¹⁾ en Galicia e España

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
	(%)					
Distribución segundo sexo						
Varóns	62,1	58,3	63,8	63,7	64,3	61,1
Mulleres	37,9	41,7	36,2	36,3	35,7	38,9
Distribución segundo idade						
Menores de 25 anos	10,9	10,2	13,3	8,6	11,9	13,2
De 25 a 39 anos	45,7	46,6	50,5	43,6	44,2	47,0
De 40 a 54 anos	33,4	32,9	30,3	37,9	32,3	31,0
De 55 anos ou máis	10,1	10,3	6,0	9,9	11,6	8,8
Distribución segundo lugar de orixe						
España	98,8	99,2	98,9	98,5	98,5	94,5
Estranxeiro	1,2	0,8	1,1	1,5	1,5	5,5
Distribución dos traballadores estranxeiros segundo tipo de relación						
Indefinida	76,1	73,1	77,8	83,8	73,7	69,6
Temporal	23,9	26,9	22,2	16,2	26,3	30,4
Distribución segundo tipo de xornada						
Tempo completo	90,0	88,8	92,5	93,4	88,3	89,2
Tempo parcial	10,0	11,2	7,5	6,6	11,7	10,8
Distribución segundo antigüidade						
Ata 6 meses	19,6	19,3	20,4	12,8	23,4	35,6
De 6 meses a un ano	11,8	12,6	11,3	8,2	13,1	13,2
De 1 a 3 anos	28,9	25,3	32,6	24,8	33,2	24,9
De 3 a 5 anos	12,9	12,2	15,3	16,9	10,4	9,9
Máis de 5 anos	26,8	30,5	20,3	37,3	19,9	16,3
Distribución segundo tamaño de sociedade						
0-5 traballadores	25,2	24,5	40,4	18,6	23,8	15,7
6-10 traballadores	15,9	17,4	23,5	11,7	13,9	12,4
11-25 traballadores	20,1	26,0	15,5	10,5	21,7	17,8
26-50 traballadores	11,6	11,3	7,7	11,5	13,3	12,2
51-100 traballadores	8,5	7,8	5,5	5,5	12,1	8,5
101-250 traballadores	6,2	5,7	7,2	1,7	8,9	10,6
Máis de 250 traballadores	12,5	7,3	0,2	40,5	6,4	22,8
Distribución segundo sector						
Agricultura	6,4	2,6	7,6	18,3	2,3	29,5
Industria	37,1	39,6	26,8	41,6	35,8	17,7
Construcción	12,0	13,4	10,2	6,7	14,5	11,5
Servizos	44,6	44,3	55,5	33,4	47,4	41,3

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

2.4.2.

Sociedades cooperativas existentes nas CC.AA. 2002-03: número e traballadores

	2002		2003		2002		2003	
	Sociedades	Traballadores	Sociedades	Traballadores	Sociedades	Traballadores	Sociedades	Traballadores
	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)
Andalucía	5.543	21,9	54.045	19,0	5.255	21,1	70.853	22,2
Aragón	785	3,1	7.421	2,6	768	3,1	7.034	2,2
Asturias	298	1,2	3.490	1,2	293	1,2	3.452	1,1
Baleares	182	0,7	2.375	0,8	187	0,8	2.465	0,8
Canarias	459	1,8	7.364	2,6	414	1,7	7.234	2,3
Cantabria	90	0,4	1.071	0,4	92	0,4	957	0,3
Castela-A Mancha	1.494	5,9	13.039	4,6	1.418	5,7	12.057	3,8
Castela e León	1.471	5,8	12.753	4,5	1.358	5,5	11.072	3,5
Cataluña	6.149	24,3	42.139	14,8	6.356	25,5	41.065	12,8
C. Valenciana	2.941	11,6	42.569	15,0	2.889	11,6	58.258	18,2
Extremadura	816	3,2	7.590	2,7	741	3,0	8.269	2,6
Galicia	934	3,7	9.265	3,3	935	3,8	8.777	2,7
A Coruña	326	1,3	2.868	1,0	338	1,4	2.829	0,9
Lugo	158	0,6	1.061	0,4	159	0,6	1.010	0,3
Ourense	190	0,7	2.534	0,9	172	0,7	2.307	0,7
Pontevedra	260	1,0	2.802	1,0	266	1,1	2.631	0,8
Madrid	926	3,7	11.211	3,9	920	3,7	11.677	3,7
Murcia	1.335	5,3	12.820	4,5	1.401	5,6	17.797	5,6
Navarra	309	1,2	4.519	1,6	259	1,0	4.372	1,4
País Vasco	1.383	5,5	50.835	17,9	1.403	5,6	52.271	16,3
Rioxa	165	0,7	1.620	0,6	161	0,6	1.591	0,5
Ceuta e Melilla	56	0,2	549	0,2	57	0,2	554	0,2
Total	25.336	100	284.675	100	24.907	100	319.755	100

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

2.4.3.

Sociedades cooperativas constituídas nas CC.AA. 2002-03: número e socios iniciais

	2002				2003			
	Sociedades		Socios Iniciais		Sociedades		Socios Iniciais	
	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)	CA / total (%)	
Andalucía	703	30,6	4.417	16,3	719	33,8	4.769	16,8
Aragón	85	3,7	488	1,8	80	3,8	391	1,4
Asturias	21	0,9	76	0,3	17	0,8	123	0,4
Baleares	15	0,7	58	0,2	20	0,9	77	0,3
Canarias	43	1,9	280	1,0	29	1,4	180	0,6
Cantabria	8	0,3	37	0,1	3	0,1	16	0,1
Castela - A Mancha	93	4,1	506	1,9	87	4,1	2.468	8,7
Castela e León	137	6,0	587	2,2	110	5,2	874	3,1
Cataluña	260	11,3	2.556	9,4	234	11,0	858	3,0
C. Valenciana	224	9,8	11.914	43,8	172	8,1	13.793	48,5
Extremadura	38	1,7	773	2,8	41	1,9	372	1,3
Galicia	63	2,7	1.178	4,3	73	3,4	1.345	4,7
A Coruña	9	0,4	72	0,3	31	1,5	562	2,0
Lugo	15	0,7	97	0,4	10	0,5	148	0,5
Ourense	5	0,2	60	0,2	5	0,2	47	0,2
Pontevedra	25	1,1	879	3,2	19	0,9	307	1,1
R.A. Galicia	9	0,4	70	0,3	8	0,4	281	1,0
Madrid	242	10,5	1.486	5,5	165	7,8	800	2,8
Murcia	211	9,2	855	3,1	233	11,0	953	3,3
Navarra	23	1,0	660	2,4	18	0,8	105	0,4
País Vasco	62	2,7	369	1,4	88	4,1	1.113	3,9
Rioxa	17	0,7	608	2,2	7	0,3	32	0,1
Ceuta e Melilla	16	0,7	169	0,6	3	0,1	17	0,1
Rexistro Central	33	1,4	156	0,6	27	1,3	164	0,6
Total	2.294	100	27.173	100	2.126	100	28.450	100

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

3,8% das sociedades cooperativas, sendo o peso relativo dos traballadores neste tipo de empresas do 2,7%. Como amosa o devandito **cadro 2.4.2.**, prodúcese unha concentración das sociedades cooperativas en tres comunidades autónomas, Cataluña, Andalucía e a C. Valenciana, que en conxunto acollen o 58,2% do total de cooperativas e o 53,2% dos traballadores.

En Galicia, atendendo á desagregación por provincias, A Coruña é a que presenta un maior número de cooperativas, ó acoller 338 sociedades cooperativas e empregar a un total de 2.829 traballadores, o que implica unha media de 8,4 traballadores por cooperativa, cando a media galega é de 9,4 traballadores por sociedade (12,8 traballadores por sociedade de media no conxunto do Estado). As provincias de Ourense e Pontevedra presentan unha media superior á galega con 13,4 e 9,9 traballadores por sociedade cooperativa, respectivamente.

O número de sociedades cooperati-

vas constituídas en Galicia en 2003 ascendeu a 73, cun total de 1.345 socios iniciais, o que representou o 3,4% do total de cooperativas constituídas en España e o 4,7% dos socios. En relación ó ano anterior, no último ano houbo dez sociedades constituídas máis, medrando o seu número de socios iniciais un 14,2% (167 socios máis).

Este incremento ven explicado fundamentalmente pola evolución seguida na provincia de A Coruña, que presenta unha suba no número de sociedades cooperativas constituídas e de socios iniciais, de 22 sociedades e 490 socios en relación ó ano anterior. Pola contra, Pontevedra experimenta unha caída de seis sociedades e 572 socios iniciais.

Atendendo á clase de cooperativas inscritas e ó número de traballadores, o **cadro 2.4.4.**, reflicte que é na clase “Traballo asociado” onde máis cooperativas hai inscritas, con 30, que representan o 41,1% do total de cooperativas inscritas en

Sociedades cooperativas constituídas en Galicia 2002-03: distribución segundo clase

2002

	A. Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		R.A. Galicia		Total	
	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	Número	Socios
Trabajo asociado	3	9	7	22	4	51	15	60	3	15	32	157
Consumidores e usuarios	-	-	-	-	-	-	-	-	1	23	1	23
Vivendas	2	28	-	-	-	-	6	787	-	-	8	815
Agrarias	4	35	6	64	1	9	4	32	3	17	18	157
Explotación común da terra	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Servizos	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Transportes	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Ensinanza	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Outros	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	9	72	15	97	5	60	25	879	9	70	63	1.178

2003

	A. Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		R.A. Galicia		Total	
	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	Número	Socios
Trabajo asociado	6	19	5	24	4	13	12	44	3	38	30	138
Consumidores e usuarios	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Vivendas	8	354	-	-	-	-	2	128	2	154	12	636
Agrarias	16	184	5	124	1	34	4	88	2	70	28	500
Explotación común da terra	1	5	-	-	-	-	-	-	-	-	1	5
Servizos	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Transportes	-	-	-	-	-	-	-	-	1	19	1	19
Ensinanza	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Outros	-	-	-	-	-	-	1	47	-	-	1	47
Total	31	562	10	148	5	47	19	307	8	281	73	1.345

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

2.4.5.

Sociedades laborais existentes nas CC.AA. 2002-03: número e traballadores

	2002				2003			
	Sociedades		Traballadores		Sociedades		Traballadores	
		CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)
Andalucía	2.762	16,4	14.308	14,2	3.398	18,5	18.631	17,0
Aragón	740	4,4	3.556	3,5	747	4,1	3.279	3,0
Asturias	426	2,5	2.728	2,7	475	2,6	2.958	2,7
Baleares	184	1,1	982	1,0	232	1,3	1.188	1,1
Canarias	837	5,0	3.563	3,5	832	4,5	3.498	3,2
Cantabria	147	0,9	1.057	1,0	152	0,8	1.146	1,0
Castela -A Mancha	1.458	8,7	8.472	8,4	1.551	8,4	8.639	7,9
Castela e León	879	5,2	4.120	4,1	939	5,1	4.228	3,9
Cataluña	1.816	10,8	11.463	11,4	1.944	10,6	11.722	10,7
C. Valenciana	1.533	9,1	9.187	9,1	1.652	9,0	10.087	9,2
Extremadura	438	2,6	2.141	2,1	483	2,6	2.848	2,6
Galicia	945	5,6	4.799	4,8	1.074	5,8	5.254	4,8
A Coruña	324	1,9	1.593	1,6	336	1,8	1.651	1,5
Lugo	186	1,1	707	0,7	214	1,2	824	0,8
Ourense	133	0,8	483	0,5	149	0,8	566	0,5
Pontevedra	302	1,8	2.016	2,0	375	2,0	2.213	2,0
Madrid	2.201	13,1	11.381	11,3	2.268	12,3	12.247	11,2
Murcia	785	4,7	5.318	5,3	889	4,8	5.972	5,4
Navarra	494	2,9	4.311	4,3	527	2,9	4.351	4,0
País Vasco	1.121	6,7	12.930	12,8	1.146	6,2	13.036	11,9
Rioxa	73	0,4	376	0,4	86	0,5	434	0,4
Ceuta e Melilla	16	0,1	83	0,1	12	0,1	78	0,1
Total	16.855	100	100.775	100	18.407	100	109.596	100

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

2.4.6.

Sociedades laborais rexistradas nas CC.AA. 2002-03: número e socios iniciais

	2002				2003			
	Sociedades		Socios iniciais		Sociedades		Socios iniciais	
		CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)
Andalucía	1.537	25,6	5.406	25,5	1.520	28,4	5.492	28,8
Aragón	202	3,4	730	3,4	154	2,9	529	2,8
Asturias	134	2,2	469	2,2	111	2,1	401	2,1
Baleares	77	1,3	253	1,2	96	1,8	358	1,9
Canarias	297	4,9	1.009	4,8	167	3,1	567	3,0
Cantabria	38	0,6	130	0,6	24	0,4	105	0,6
Castela - A Mancha	423	7,0	1.483	7,0	343	6,4	1.182	6,2
Castela e León	294	4,9	1.022	4,8	205	3,8	715	3,7
Cataluña	684	11,4	2.388	11,3	551	10,3	2.085	10,9
C. Valenciana	534	8,9	1.867	8,8	660	12,3	2.324	12,2
Extremadura	121	2,0	438	2,1	91	1,7	320	1,7
Galicia	356	5,9	1.239	5,8	283	5,3	943	4,9
A Coruña	98	1,6	342	1,6	68	1,3	231	1,2
Lugo	75	1,2	256	1,2	44	0,8	144	0,8
Ourense	39	0,6	138	0,7	45	0,8	144	0,8
Pontevedra	144	2,4	503	2,4	126	2,4	424	2,2
Madrid	710	11,8	2.487	11,7	605	11,3	2.084	10,9
Murcia	253	4,2	880	4,1	256	4,8	915	4,8
Navarra	139	2,3	486	2,3	100	1,9	366	1,9
País Vasco	196	3,3	829	3,9	162	3,0	616	3,2
Rioxa	16	0,3	86	0,4	20	0,4	67	0,4
Ceuta e Melilla	2	0,0	7	0,0	5	0,1	19	0,1
Total	6.013	100	21.209	100	5.353	100	19.088	100

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

2.4.7.

	Galicia				España			
	2002		2003		2002		2003	
	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios
Agrario	10	32	6	20	85	289	69	247
Non agrario	346	1.207	277	923	5.928	20.920	5.284	18.841
Industria	43	165	34	116	918	3.565	827	3.093
Construcción	62	211	39	129	1.135	3.942	1.078	3.780
Servicios	241	831	204	678	3.875	13.413	3.379	11.968
Total	356	1.239	283	943	6.013	21.209	5.353	19.088

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

Galicia en 2003, seguida polas cooperativas agrarias e de vivendas, con 28 (38,4%) e 12 (16,4%) cooperativas, respectivamente. En termos de número de socios iniciais, as cooperativas de vivendas e as agrarias son as que máis socios teñen, con 636 (47,3%) e 500 socios (37,2%), respectivamente.

Sociedades laborais

O número de **sociedades laborais** en España era, a 31 de decembro do ano 2003, de 18.407 empresas (SA e SL), un 9,2% superior ó existente no mesmo período do ano anterior. Estas sociedades concéntranse especialmente nas comunidades de Madrid, Andalucía, Cataluña, País Vasco, Castela A Mancha e C. Valenciana, que agrupan ó 65,0% do total estatal. A devandita concentración ten a súa correspondencia no emprego, xa que esas 6 comunidades acapan o 67,9% dos socios iniciais (**cadro 2.4.5.**).

Galicia tiña, no mesmo período, 1.074 sociedades laborais en alta na Seguridade Social, un 5,8% do total estatal. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 5.254 socios iniciais, o que representa o 4,8% dos socios no conxunto do Estado (109.596 socios iniciais).

Ó longo do ano 2003, rexistráronse en Galicia un total de 283 sociedades laborais (73 menos que no ano anterior), que agruparon a 943 socios (296 menos

que en 2002). Comparado co total estatal, Galicia acolle o 5,3% do total das sociedades laborais rexistradas e o 4,9% do socios iniciais destas sociedades.

Como reflicte o **cadro 2.4.7.**, a meirande parte das sociedades laborais en Galicia concéntranse nos sectores non agrarios, 277 sociedades, e principalmente no sector servicios que acolle un 72,1% do total de sociedades laborais rexistradas en Galicia (204 sociedades) e o 71,9% dos socios (678 socios iniciais). No sector agrario, o número de sociedades laborais rexistradas foi de 6, sendo o seu número de socios de 20.

Actuacións da Xunta para o fomento da economía social e do autoemprego

O **cadro 2.4.8.** reflicte as diferentes actuación para o fomento da economía social e do autoemprego, que veñen a completa-las medidas de fomento do emprego e da estabilidade analizadas no capítulo anterior.

Ó longo do ano 2003 volveu a descende-lo número de beneficiarios destas axudas, acadando os 7.468 beneficiarios fronte ós 8.032 traballadores do ano anterior. O devandito **cadro 2.4.8.** amosa que este descenso ven explicado pola caída dos beneficiarios dos programas de promoción do emprego en cooperativas e sociedades laborais, xa que os outros tres

2.4.8.

Actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego 2002-03

	2002	2003	03/02
	Nº traballadores	Nº traballadores	
Promoción do emprego en cooperativas e sociedades laborais	2.643	1.792	-32,2
Axudas a cooperativas e Sociedades Laborais	957	810	-15,4
Axudas para a adquisición de socio traballador	686	225	-67,2
Abono de cotas á Seguridade Social	1.000	757	-24,3
Apoio ó autoemprego autónomo	3.730	3.782	1,4
Integración laboral dos discapacitados	1.352	1.481	9,5
Creación ou ampliación de Centros Especiais de Emprego	135	148	9,6
Mantemento de Centros Especiais de Emprego	1.155	1.273	10,2
Emprego autónomo	62	60	-3,2
Iniciativas de emprego	307	413	34,5
Iniciativas locais de emprego (ILE)		316	
Iniciativas de emprego rural (IER)		35	
Iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT)		62	
Total	8.032	7.468	-7,0

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

grupos de axudas presentan unha medra no número de persoas beneficiarias.

As axudas dos programas de apoio ó autoemprego autónomo (renda para o inicio da actividade, subvención financeira e axudas para a adquisición da condición de socio) acollen o maior número de beneficiarios, con 3.782 traballadores (52 beneficiarios máis que no ano anterior), seguíndolle en importancia as medidas de promoción do emprego en cooperativas e sociedades laborais e de integración laboral dos discapacitados, con 1.792 (851 persoas menos que en 2002) e 1.481 beneficiarios (129 traballadores máis), respectivamente.

No caso das iniciativas de emprego, o número de beneficiarios medrou un 34,5% respecto ó ano anterior, acadando os 413 beneficiarios, dos que 316 postos de traballo foron creados ó abeiro das medidas das iniciativas locais de emprego (ILE). ■